

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación da quenda de oficio na comarca do Barbanza e sobre os procedementos para a concesión do beneficio de xustiza gratuíta.

Entre as garantías cada vez máis estendidas dentro dos diferentes procedementos xudiciais e mesmo administrativos, fica as declaracións en presenza ou con asistencia letrada, coa previsión de a quen careza de recursos ou non designe a un da súa confianza, asignáraselle pola quenda de oficio. Aos/ás letrados/as que prestan este servizo –máis por compromiso social que por un eventual beneficio económico- será a Xunta de Galiza quen se faga cargo do aboamento do seus honorarios no caso de que a persoa asistida careza de recursos, na contía previamente establecida. Mais para que iso aconteza compre que o beneficiario da asistencia xurídica pola quenda de oficio, solicite e concédaselle o beneficio de xustiza gratuíta. Poren, fundamentalmente no eido penal as persoas asistidas esquécense mesmo de solicitar o beneficio de xustiza gratuíta, decote máis preocupados por outros problemas que o aboamento dos honorarios do letrado e procurador que lles asiste, asesora e defende e representa. Por esta razón, en moitos casos, a letrada e procuradora deixan de perceber os emolumentos devengados pola súa actuación profesional.

Para tentar paliar esta inxusta situación, introduciuse a posibilidade de que o propio letrado solicite o beneficio de xustiza gratuíta en representación do cliente, desprazando ao profesional a acreditación da situación económica e patrimonial do solicitante. A concesión do beneficio fica ao criterio da Comisión de Asistencia

Xurídica Gratuíta correspondente e, en boa medida, do “ollo” do profesional ao pronunciarse sobre a capacidade económica do cliente. Esta regulación provoca as críticas dos profesionais de diferentes localidades, tanto pola encomenda de pescuda patrimonial que se lles traslada, como pola acumulación de actuacións profesionais non retribuídas que están a padecer como consecuencia da falla da acreditación de recursos do solicitante. Esta situación, singularmente intensa na comarca do Barbanza, provocou a baixa na quenda de oficio de boa parte dos letrados e letradas da zona.

Por todo o anterior dende o grupo parlamentar do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO vimos a prantexar as seguintes cuestións:

1ª) Ten constancia a Dirección Xeral de Xustiza da existencia dun problema na organización da quenda de oficio, dimanante da non solicitude polos beneficiarios do sistema do beneficio de xustiza gratuíta e pola falla de acreditación da situación patrimonial?

2ª) Qué xestións ten realizado o ten previsto realizar o Goberno Galego para evitar que se trasladen ao letrado ou mesmo ao procurador as consecuencias de que o cliente non solicite o beneficio de xustiza gratuíta ou a responsabilidade de pescudar ou de pronunciarse sobre a situación patrimonial deste?

3ª) Se ten celebrado ou previsto celebrar algunha reunión coa representación da quenda de oficio da comarca do Barbanza para tentar acadar unha solución á actual situación que con especial intensidade padecen os letrados e procuradores desta comarca?



4º) Ten previsto a Dirección Xeral de Xustiza reformar a regulación da quenda de oficio e do beneficio de xustiza gratuíta actualmente en vixencia? No seu caso en qué termos?

Santiago de Compostela, 4 de Xullo de 2007

Asdo. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabares Pérez-Piñeiro na data 04/07/2007 10:12:08

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/07/2007 10:12:17





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

SB/cn



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **22194**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Iago Tabares Pérez-Piñeiro, sobre **“a situación da quenda de oficio na comarca do Barbanza e os procedementos para a concesión do beneficio de xustiza gratuíta”**, (publicada no BOPG núm.: 396, do 26 de xullo de 2007), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que ten o seguinte contido:

“As quendas de oficio existentes nos diferentes colexios de avogados da nosa comunidade autónoma responden á necesidade de garantir o dereito constitucionalmente previsto de acceso á xustiza e á asistencia, polos profesionais oportunos, daquelas persoas que carezan de recursos económicos, encomendándose a súa regulación e organización ás xuntas de goberno dos colexios de avogados, as cales deberán garantir a súa continuidade atendendo a criterios tales como eficacia, funcionalidade, máxima dedicación profesional dos seus integrantes, etc. No caso do servizo de asistencia letrada ao detido, os colexios deberán constituír unha quenda de garda permanente. Estas normas aparecen expresamente recollidas no Decreto 146/1997, de 2 de maio, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os letrados inscritos nos servizos de asistencia xurídica gratuíta deben desenvolver a súa actividade con suxeición ás regras que instrúen o funcionamento dos servizos de xustiza gratuíta entre as cales se atopa a necesidade de iniciar o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta nos casos nos que o imputado se atope presumiblemente incluído no ámbito do dito recoñecemento e manifeste a súa

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19


negativa a cubrir e asinar a correspondente solicitude ou resulte imposible a comunicación do letrado con este, pero sempre facendo constar, a través do formulario correspondente, os datos polos que considera o asistido como carente de recursos económicos e que poida derivar no recoñecemento do beneficio. No dito impreso aparecen datos básicos que necesariamente hai que cubrir como son nome e apelidos, número do documento nacional de identidade, profesión, etc. Os cales non constitúen unha carga de pescuda da situación patrimonial senón que poderían desprenderse das propias actuacións policiais ou xudiciais e que serían de imprescindible coñecemento para que as comisións de asistencia xurídica gratuita, poidan efectuar as correspondentes xestións de averiguación da situación económica do asistido, a través da solicitude dos informes ás entidades ou organismos posuidores destes datos, contando neste caso cun fundamento o recoñecemento ou denegación do dereito á asistencia xurídica gratuita.

Neste caso, e no que respecta á situación dos avogados integrantes da quenda de oficio da comarca do Barbanza, a Dirección Xeral de Xustiza realizou as xestións oportunas a través do Colexio de Avogados da Coruña, órgano ao que pertencen os letrados en cuestión, en calidade de colexiados deste”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia